



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR E FERROL EN COMÚN PARA SOLICITAR A APERTURA INMEDIATA DOS LOCAIS DE ENSAIO

O Grupo Municipal Popular e Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para solicitar a apertura inmediata dos locais de ensaio.

Exposición de motivos

Ferrol é unha cidade que alberga un gran tecido cultural con diversas inquietudes, entre elas a música, a cal estaba sendo canalizada a través dun espazo onde os grupos locais podían desenrolar a súa actividade, sendo unha forma de apoiar e potenciar o talento da nosa cidade. Estes locais de ensaio levan funcionando ininterrompidamente dende o ano 2008 e están sendo utilizados actualmente por máis de 20 grupos musicais.

O pasado novembro, dentro das medidas sanitarias da Covid-19, o goberno local decidiu pechar os locais de ensaio. A día de hoxe, case un ano despois, estas instalacións seguen sen estar abertas, pero esta vez non é pola Covid-19 senón por un problema administrativo, pois a empresa que xestiona este servizo atópase sen contrato.

É grave que dende que venceu o contrato o goberno local non fora quen de sacar adiante o novo prego do servizo, pero máis grave é que decida unilateralmente o peche duns locais que serven de lugar de traballo a máis de 100 músicos e músicas da nosa cidade, cando ao mesmo tempo existen múltiples servizos municipais na mesma situación e seguen abertos e dando servizo, coma por exemplo o propio Teatro Jofre.

Consideramos que o peche dos locais de ensaio contribúen ao desmantelamento da cultura da nosa cidade e a parálise permanente que o goberno local amosa neste eido, demostrando a pouca importancia e o nulo respecto que se lle ten ao talento local da nosa cidade. Así mesmo, a decisión de pechar os locais de ensaio non só está a causar prexuízos aos usuarios e usuarias deste locais, senón que tamén está a poñer en perigo os postos de traballo que dependen da apertura destas instalacións.

Por todo isto, o grupo municipal Popular e Ferrol en Común someten a votación a presente moción e os seguintes acordos:

- 1.- Apertura inmediata dos locais de ensaio para que volvan a estar a disposición de todos os grupos musicais que viñan facendo uso deles.
- 2.- Elaboración urxente dun novo prego que regularice a situación actual dos locais de ensaio.
- 3.- En vista das futuras obras de derribo da nave provisional da Magdalena, instamos ao goberno local a dar a coñecer dito proxecto para comprobar a posible afectación destes espazos dinamizadores da cultura local e de ser o caso, comprometerse coa reubicación dos locais de ensaio a outro lugar acondicionado para tal fin.

Ferrol, 25 de outubro de 2021

Jose Manuel Rey Varela

Voceiro do Grupo Popular

Jorge Suárez Fernández

Voceiro de FeC

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL